



PROCEDIMENTO PARA A EMISIÓN E O RECONTO DO VOTO SECRETO PARA A CONCESIÓN DA MENCIÓN *CUM LAUDE* E PARA A VALORACIÓN DA TESE PARA OPTAR AO PREMIO EXTRAORDINARIO DE DOUTORAMENTO

(Aprobado pola Comisión Permanente do 26/11/2021).

A Comisión Permanente do Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento da UDC, en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 13.4.j) do Regulamento da EIDUDC (aprobado polo Consello de Goberno do 20/12/1012 e modificado o 27/02/2020) de “*establecer procedimientos de tramitación das teses de doutoramento, incluídos aqueles para presentar, defender e avaliar as teses*”; acorda aprobar un novo procedemento para a emisión e o recuento do voto secreto para a concesión da mención *cum laude* e a valoración da tese para optar ao premio extraordinario de doutoramento. En consecuencia, procede derrogar o procedemento para a emisión e recuento de votos para a obtención da mención *cum laude*, aprobado pola Comisión Permanente do 24 de xaneiro de 2017.

Segundo o artigo 14.7 do Real decreto 99/2011, “*o tribunal emitirá un informe e a cualificación global concedida á tese de acordo coa seguinte escala: No apto, aprobado, notable e sobresaliente. O tribunal poderá outorgar a mención cum laude se a cualificación global é de sobresaliente e se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade. A Universidade habilitará os mecanismos precisos para a materialización da concesión final de dita mención garantindo que o escrutinio dos votos para dita concesión se realice en sesión diferente da correspondente á de defensa da tese de doutoramento.*”

De acordo co artigo 38 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC, “*a escola de doutoramento regulamentará o procedemento para a materialización da concesión final da citada mención en sesión diferente da correspondente á da defensa da tese*”.

Por último, o apartado 4, letra l) do artigo 13 do Regulamento da EIDUDC dispón que corresponde á Comisión Permanente do Comité de Dirección “*establecer procedimientos para a concesión de mencións ao título de Doutor/a (cum laude, internacional e doutoramento industrial)*”.

Así, para dar cumprimento á citada normativa, establécese o seguinte procedemento:

1. Con posterioridade ao acto de defensa da tese e sempre que esta obteña a cualificación de sobresaliente, cada membro do tribunal recibirá de forma individualizada dous correos electrónicos emitidos desde a EIDUDC, que darán acceso a un sistema electrónico que garante a confidencialidade para emitir o voto para a mención *cum laude* e a valoración para optar ao premio extraordinario de doutoramento.
2. **Votación da mención *cum laude*.** A través do sistema electrónico, cada membro do tribunal deberá responder a un formulario con dúas posibilidades de resposta (“Si” ou “Non”) respecto á concesión da mención *cum laude*.



Cabe resaltar que, en cumprimento do artigo 14.7 do Real decreto 99/2011, que establece o carácter secreto do voto para a mención *cum laude*, ningún membro do tribunal poderá realizar en ningún caso manifestación algunha sobre a súa valoración respecto á mención *cum laude*. A este fin, os membros do tribunal deberán ter en conta que, na **Acta de constitución do tribunal e cualificación da tese**, declaran coñecer e comprender este *Procedemento para a emisión e o recuento do voto secreto dos membros do tribunal de tese para a concesión da mención cum laude e para a valoración da tese para optar ao premio extraordinario de doutoramento*, polo que se comprometen a manter o carácter secreto do voto e a non realizar manifestación algunha sobre a súa valoración respecto á mención *cum laude*.

3. **Valoración da tese para optar ao premio extraordinario de doutoramento.** A través do sistema electrónico, cada membro do tribunal deberá responder a un formulario con varias posibilidades de valoración da tese para a mención *cum laude*.
4. **Escrutinio dos votos secretos para a mención *cum laude*.** Realizada a votación secreta para a mención *cum laude* por todos os membros do tribunal, a EIDUDC procederá ao recuento de votos, que levará a cabo o persoal da Oficina de Doutoramento coa supervisión do equipo directivo da EIDUDC.
5. **Actas do escrutinio para a mención *cum laude*.** Unha vez realizado o escrutinio das votacións secretas para a mención *cum laude*, procederase á elaboración da acta correspondente, de acordo co modelo establecido pola EIDUDC. Esta acta será asinada polo director da EIDUDC ou a persoa do equipo directivo en quen delegue, e constituirá un anexo á Acta de Cualificación da tese de doutoramento.
6. **Comunicación do resultado do escrutinio do voto secreto da mención *cum laude*.** A Oficina de Doutoramento comunicará o resultado do escrutinio da mención *cum laude* á UADI/UXAI, que á súa vez se encargará de transmitir este resultado ao/á estudante e aos membros do tribunal.
7. **Arquivo das valoracións para optar ao premio extraordinario de doutoramento.** Só no caso de que a tese obteña a mención *cum laude*, procederase á elaboración da acta das valoracións para o premio extraordinario, de acordo co modelo establecido pola EIDUDC. Esta acta será asinada polo director da EIDUDC ou a persoa do equipo directivo en quen delegue. A Oficina de Doutoramento procederá a archivar dita acta en sobre pechado para o seu posterior uso polo tribunal que xulgará a concesión dos premios extraordinarios.